

O DACTILAR E O QUE

Co dedo seguirás esta trama.

A trama radiactivarase baixo ese dedo. Un dedo inqueda, unha xema co seu destino debuxado de pegada, pegada sobre un corpo recén saído da. Da nada.

Deterás sobre certas palabras. A trama precipítase por un funil. O teu dedo vacila en. O teu dedo cosmógrafo que. Volverá atrás. Son malignas as palabras. Venenosas. Non, non son malignas. Exercítanse para gravitaren ante ti. Para erixirse ante ti. Hologramas. Olor a grama. Por exemplo *esta* palabra. Ou *esta*. Ou, máis abaixo, *esta*. Algunhas amosarán formas redondeadas, encrespadas de penuxe fina que a contraluz semella loura. Outras serán delicadas, cunha epiderme infantil e máis escura có resto, rematada en punta. No medio da páxina, unha presada de letras desordenadas, negrísimas, rizarán sen solución. Segues a descer.

Un o marca a transición entre o plano superior e o inferior, entre parte cerebral e parte visceral, entre firmamento e terra. Cara a dentro, a carne puramente umbilical dese o recolle nun soño impreciso. Abaixo burbulla, como un ácido, a escuridade e é alí onde se escribe *esta* palabra. Imprimes o teu dedo nela. Semellas pulsar un interruptor moi antigo que ameazase con se fundir. Ollas para min. Tomas a palabra coa boca.

Un vento de rapina abate e desorbita as páxinas do libro. Todas as súas tramas sucédense ao xeito de nubes, trens, alucinacións ópticas. Encaprichada en descodificar esa única palabra, a túa boca será incapaz de ver ningunha outra. Esta historia levitará para desprenderse do seu libro cunha especie de súplica, arelando ser lida. O resto de páxinas chamearán todas en branco
todas en branco
e logo conxelarán os teus ollos
e logo os meus



E. E. Ríó